

BANDO

ÁNGEL MATO ESCALONA, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

FAI SABER:

Que ante a crise sanitaria provocada polo virus COVID-19 (Coronavirus) e tras das medidas adoptadas polo Ministerio de Sanidade e pola Xunta de Galicia anunciadas na rolda de prensa do Presidente na mañá do día 12 de marzo, o Concello de Ferrol adopta as seguintes medidas preventivas que afectan os servizos públicos, **dende o día 13 de marzo e ata novo aviso**. Ditas medidas iran adaptando á situación epidemiolóxica de cada momento e informarse das variacións que se poidan producir respecto as mesmas en función das directrices que establezan as autoridades sanitarias competentes:

Primeiro. Procédese ao peche ao público en xeral das seguintes instalacións titularidade do Concello de Ferrol ou das súas entidades dependentes:

- As instalacións deportivas municipais, tanto as que conforman un recinto pechado, como as instalacións ao aire libre.
- As Bibliotecas municipais, as oficinas de turismo, a Aula de Ecoloxía Urbana e Aquaciencia.
- Os centros sociais de 3ª idade e os comedores senior.
- Os centros culturais e cívicos municipais, Teatro Jofre e Auditorio Municipal.

No resto de instalacións de titularidade municipal, con independencia da fórmula de xestión do recinto, haberán de respectarse as normas, feitas públicas na mañá de hoxe, acordadas pola comisión interdepartamental da Xunta de Galicia no que se refire á celebración de actividades culturais ou recreativas en recintos abertos e pechados en función do seu aforo cando este sexa superior ás 50 persoas.

Segundo.- Suspensión de

- Todas as actividades deportivas e socioculturais organizadas polo Concello e todas aquelas que se desenvolvan, por terceiros, nas instalacións municipais tales como obradoiros, cursos e similares.
- Instalación ambulante de mercados, feiras e mercadillos, mentras que os mercados municipais continuarán coa súa actividade.

Terceiro.- Recoméndase á cidadanía realizar as xestións municipais por vía telemática (www.ferrol.es) ou por teléfono (número 981944000).

Cuarto.- Os plenos municipais realizaranse a porta pechada.

Quinto: Recoméndase:

- Non acudir a lugares que impliquen aglomeración de persoas, especialmente se se trata de sitios pechados e poñendo especial atención a colectivos vulnerables (persoas maiores, poboación infantil ou persoas con enfermidades crónicas).
- Seguir as instrucións ditadas polo Ministerio de Sanidade e a Consellería de Sanidade, e en caso de ter algún síntoma contactar co teléfono de información para a cidadanía 900 400 116.
- Consultar fontes oficiais para informarse, como á páxina do Ministerio de Sanidade (ww.mscbs.gob.es) e evitar a propagación de “bulos” ou informacións non contrastadas por redes sociais.
- Ás asociacións e entidades do Concello, que eviten as aglomeracións e actos colectivos durante os vindeiros 15 días condicionado á evolución da enfermidade.
- Non realizar depósitos masivos de alimentos nas casas dado que, segundo se traslada dende a Xunta de Galicia, están garantidos os subministros.
- Non realizar visitas nin a residencias de maiores, nin hospitais, a excepción de casos de extrema necesidade.
- Evitar viaxes e desprazamentos que non se consideren imprescindíbeis

O Concello de Ferrol quere enviar unha mensaxe tranquilizadora á veciñanza e insistir que se sigan as instrucións das autoridades sanitarias.

O Alcalde